

## Estas son as mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas no ano 2021:

- *7 de novembro*

**María Isabel**, de 37 anos e que tiña tres fillos, foi asasinada pola súa exparella en San Roque (Cádiz). Tras acoitelala, o detido polo asasinato tentou suicidarse no Hospital Quirón salud Campo de Gibraltar.

- *12 de outubro*

**Erika Tavares**, de 37 anos, foi asasinada polo seu marido en Vitoria. O crime cometeuse no domicilio familiar, no que se atopaban os dous fillos menores da parella, aínda que, polo menos, non foron testemuñas do crime. Tras matala, o marido, de 42 anos, suicidouse cravando no peito o coitelo co que degolara momentos antes a súa muller.

- *16 de setembro*

**Mónica Marcos**, de 52 anos, foi atopada polo seu fillo morta con marcas de arma branca no seu domicilio na Coruña. O sospeitoso, a súa parella, é un home de 48 anos ao que lle constan dúas denuncias previas de dúas mulleres diferentes por violencia de xénero, aínda que ningunha de Mónica.

- *13 de setembro*

**Zuita Bouchira**, de 40 anos, foi asasinada pola súa parella, de 52 anos, en Villajoyosa (Alacante). A muller foi achada morta no seu domicilio, degolada, despois de que o colexio dese parte ás autoridades de que non fora recoller os seus fillos. O agresor matouse horas antes tirándose desde unha ponte da vía do tren.

Este crime deixou tres orfos por violencia de xénero, pois Zuita tiña dúas fillas e un fillo menores de idade.

- *10 de agosto*

**Unha muller de 60 anos** foi asasinada en Sevilla polo seu marido que, despois de dispararlle, suicidouse coa mesma escopeta de caza coa que cometera o crime. A filla foi quen atopou os cadáveres tras acudir á casa porque a súa nai non contestaba as chamadas. A vítima non presentara denuncias previas por malos tratos.

- *2 de agosto*

Un home de 53 anos foi detido en Rincón de la Victoria (Málaga) por asasinar presuntamente a súa muller e queimar o seu cadáver nun vertedoiro en Nerja. O primeiro aviso foi dun cidadán que vira no garaxe do seu edificio a **unha muller no chan** tapada cunha camiseta negra e como un home a metía no maleteiro dun coche gris. Ao chegar ao lugar os axentes observaron manchas de sangue no chan e ao ver as imaxes das cámaras de seguridade do garaxe comprobaron que a matrícula do vehículo implicado estaba a nome dun veciño da mesma localidade. Posteriormente, recibiron un novo aviso no que se comunicaba o achado dun cadáver queimado nas proximidades dun carril do concello de Maro.

O detido recoñeceu que a falecida era a súa parella sentimental, así como a autoría dos feitos e que tentara facer desaparecer o cadáver.

- *30 de xullo*

**Pamela Salgado**, de 25 anos, foi asasinada pola súa exparella na localidade catalá de Cambrils. O home tiña prohibido achegarse a menos de 200 metros dela por episodios anteriores de malos tratos.

A investigación demostrou que ambos discutiron o venres pola mañá, que el se foi sobre as doce do mediodía, estivo dúas horas nun bar e regresou ao domicilio da vítima sobre o cinco da tarde, tal como recolle o auto de prisión. Segundo a versión do acusado, foise ás 17.30 e cando regresou ao chalé da vítima, ás 20:30 horas, atopouna tendida no chan do salón e chamou ao teléfono de emerxencias 112. Con todo, o fiscal e o xuíz aprecian indicios de que a matou e esperou no domicilio unhas horas antes de chamar ao 112 para que o corpo arrefriase e conseguir así unha coartada.

- *22 de xullo*

**Unha muller de 76 anos** foi asasinada presuntamente pola súa parella en Pozuelo de Alarcón, Madrid, ao ser golpeada cun obxecto na cabeza. Un veciño deu o aviso ao 112 porque atopou na rúa a unha muller inconsciente e con signos de violencia. Segundo as primeiras pescudas, a parella tivo unha discusión no interior da vivenda e nun momento dado a muller saíu fuxindo á rúa. Con todo, foi alcanzada polo seu marido que lle deu un golpe na cabeza cun obxecto, parece ser que un vaso.

- *21 de xullo*

**Amal**, de 38 anos, foi asasinada pola súa parella, un home que foi detido tras entregarse en comisaría e confesar o crime despois de ocultar o cadáver durante dous días nun baúl. A parella non tiña fillos e non había denuncias previas por violencia de xénero, aínda que o agresor tiña antecedentes por delitos deste tipo coa súa anterior parella.

- *21 de xullo*

**Unha muller duns 60 anos** foi asasinada polo seu marido en Sabadell. O home, de 60 anos e de nacionalidade española, presentouse na comisaría de Sabadell e confesou que matara a súa muller. Axentes dos Mossos d'Esquadra desprazáronse ao domicilio, xunto a un médico forense, que certificou a morte da muller, cuxo cadáver presentaba signos de violencia.

- *15 de xullo*

**María dos Anxos** foi asasinada ás portas do colexio onde traballaba de limpadora e coidadora de relixiosas. Tras cometer o crime, o agresor suicidouse coa mesma arma coa que lle disparara á súa parella. A vítima, que puxera fin á relación recentemente, tiña un fillo e unha filla maiores de idade e non constan denuncias previas por malos tratos contra o agresor.

- *7 de xullo*

**María Pilar Barrio** morreu cando presuntamente o seu excuñado, de 41 anos, embestiu o coche no que ela viaxaba e logo acoitelouna en presenza dos seus fillos de 9 e 5 anos e despois fuxiu. A natureza machista do crime foi confirmada a finais de agosto pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero.

- *30 de xuño*

**Hazna**, unha muller de 35 anos, en Barbastro (Huesca) foi asasinada presuntamente a mans do seu marido. A vítima, que mostrara a súa intención de separarse do seu marido -ao que denunciara por malos tratos-, foi asasinada diante dos seus tres fillos menores de 12, 6 e un ano. O presunto agresor

tivera unha orde de afastamento da vítima, pero as medidas de protección caducaran a finais de 2020.

- *22 de xuño*

**Unha muller de 34 anos** foi apuñalada pola súa parella en Doñinos (Salamanca) e morreu unha semana despois na UCI, tras someterse a varias operacións para tratar de salvar a súa vida. A súa parella, de 69 anos, aforcouse despois de cometer o crime. O presunto agresor tiña denuncias de hai 10 anos por violencia de xénero dunha parella anterior. A parella tiña unha filla en común de catro anos e a muller tiña outra filla, de 11.

- *21 de xuño*

**África**, de 56 anos e residente en Valladolid, foi asasinada polo seu marido, que lle asestou varias puñaladas no tórax. A parella estaba en trámites de separación pero estaban confinados xuntos na vivenda porque ambos eran positivo por coronavirus. A parella tiña dúas fillas, unha menor e outra maior de idade.

- *15 de xuño*

**Consuelo**, de 81 anos, foi asasinada en Madrid polo seu marido, Eduardo, de 84 anos, que a golpeou cun martelo na cabeza. A vítima foi trasladada ao hospital 12 de Outubro, onde non lograron salvar a súa vida. O home foi detido no lugar dos feitos tras recoñecer o crime e afirmar que non se arrepentía de facelo.

- *12 de xuño*

**Alicia**, unha muller de 36 anos, foi asasinada pola súa parella en Marmolejo (Xaén). A muller, reporteira gráfica dunha televisión onubense, foi mortalmente atropelada. A súa parella, Manuel Q.S., de 35 anos, foi detido o mesmo día do atropelo, que ocorreu arredor das 03:30 horas, cando el mesmo pediu unha ambulancia para a muller, que dixo que sufrira un accidente.

- *11 de xuño*

O exmozo de **Rocío Caíz Pozo**, a moza de 17 anos desaparecida desde o 3 de xuño en Martín de la Jara (Sevilla), confesoulle á Garda Civil que a matou o mesmo día que desapareceu e despezouna, lanzando os seus restos a varias zonas do municipio de Estepa. A moza tiña un neno de catro meses, o sétimo menor orfo pola violencia de xénero en 2021. O autor confeso do crime ingresou en prisión provisional, comunicada e sen fianza.

- *6 de xuño*

A Policía acudiu a un domicilio de Pozuelo de Alarcón (Madrid) tras ser alertados e atoparon os corpos sen vida dun home de 66 anos e **unha muller de 59** con senllos disparos na cabeza e no peito. As primeiras hipóteses apuntan a que tras unha discusión o home dispararía cunha arma larga á súa parella e posteriormente suicidouse.

- *5 de xuño*

Unha muller de 43 anos foi asasinada en Roquetas de Mar (Almería) pola súa exparella. A vítima, **Inmaculada Nzang**, estaba no Sistema VioGén, empregado para o seguimento das vítimas de violencia de xénero e das medidas para os seus agresores.

- *3 de xuño*

Unha muller de 48 anos e orixe letón, **Alla B.**, foi asasinada pola súa parella, un cidadán español de 45 anos, en Porqueres (Xirona) tras unha discusión doméstica que derivou nun apuñalamento e, horas despois, na confesión do asasino ao entregarse aos Mossos d'Esquadra.

Axentes da División de Investigación Criminal (DIC) trasladáronse de inmediato á casa da parella, xunto a efectivos do Sistema de Emerxencias Médicas (SEM), onde só puideron confirmar a morte da muller, que presentaba signos de violencia compatibles coa descrición proporcionada pola parella.

- *29 de maio*

**Nicoleta Clara**, de 41 anos, foi asasinada tras ser atacada cunha arma branca pola súa exparella, a quen denunciara en 2006. O crime ocorreu en Alovera (Guadalaxara). O home, de 54 anos, ingresou en prisión provisional sen fianza tras o crime.

- *23 de maio*

**Unha muller de 35 anos** foi asasinada en Zaragoza pola súa parella, que se intentou matar tras cometer o crime mais foi detido pola Policía Nacional. A vítima tiña un fillo menor de idade e existían denuncias previas contra o presunto agresor, que tiña unha orde de afastamento da vítima e numerosos antecedentes por diferentes delitos, entre eles por malos tratos.

- *20 de maio*

**María Teresa Aladro**, de 48 anos, foi asasinada polo seu marido na localidade asturiana de Pola de Laviana. Este crime converteuse no quinto asasinato por violencia de xénero nunha semana.

Os axentes acudiron á casa e atoparon a muller tendida no chan con varios disparos no corpo, momento no que detiveron ao presunto autor. O home admitiulles aos axentes que disparara contra a súa muller cunha escopeta.

- *18 de maio*

**Betty**, de 52 anos, foi asasinada pola súa parella, Manuel, de 56, que se suicidou tras cometer o crime. O cadáver da muller tiña feridas de arma de fogo e foi atopado trala denuncia dos seus amigos e familiares, que levaban tempo sen saber dela, polo que os bombeiros e os Mossos d'Esquadra accederon á vivenda.

- *18 de maio*

**Lucía**, de 42 anos, foi atopada morta polo seu fillo, de 13 anos, en Corbera de Llobregat (Barcelona). O neno foi á casa dun veciño a avisar do ocorrido e a Policía atopou pouco despois, no segundo piso, o cadáver do seu pai, que acabara coa vida da súa parella e despois suicidouse.

- *17 de maio*

**Warda Ou.**, de 28 anos, foi asasinada pola súa parella na localidade mallorquina de Sa Pobla. Estaba embarazada de poucos meses e tiña un fillo de 7 anos, a quen o seu agresor tamén asasinou. O detido era o pai do neno e do fillo que esperaba Warda, con quen volvera manter unha relación tras dúas denuncias por malos tratos e unha orde de protección que xa expirara.

- *9 de maio*

Un home matou a súa exparella no municipio valenciano de Sagunto e posteriormente suicidouse lanzándose pola xanela desde un cuarto piso. O agresor tiña vixente unha orde de afastamento e a muller, de 60 anos, pedira axuda dous días antes de ser asasinada aos servizos de Igualdade do Concello porque se sentía ameazada.

- *25 de abril*

**Unha muller de 50 anos** foi queimada viva pola súa parella na Bisbal do Penedès, en Tarragona. Antes de morrer no hospital Vall d'Hebron horas despois do ataque, a muller acusou a súa parella, de 37 anos e veciño da mesma localidade.

Cando os Mossos d'Esquadra chegaron ao domicilio, atoparon a muller en estado crítico, con graves queimaduras, pero viva, e a súa parella aínda se atopaba na casa. Sería o propio home quen alertou aos servizos de emerxencia das queimaduras que sufría a muller, alegando un posible intento de suicidio.

- *21 de abril*

O 22 de abril apareceu no camiño Vell da Mar de Burriana, nas inmediacións da Paraxe Natural do Clot da Mare de Déu, o corpo sen vida de **Johana**, unha muller de 42 anos natural de Colombia que residía desde facía poucos meses na localidade. Meses despois, en xullo, a parella da vítima foi detida polo crime.

- *19 de abril*

**Unha muller de 36 anos** foi asasinada en Mansilla de las Mulas (León) supostamente a mans da súa parella, de 28 anos, que foi detido por homicidio pola Garda Civil. Un veciño escoitou á parella manter unha forte discusión de madrugada e, despois, un forte golpe. Pouco despois, o home foi ao centro médico e dixo aos veciños que matara a súa parella.

- *14 de abril*

**Jordina M.P.**, unha muller de 34 anos, foi asasinada en Manresa (Barcelona) pola súa exparella, de 40 anos, que se tentou suicidar tras cometer o crime e foi detido pouco despois. Os Mossos d'Esquadra recibiron o aviso sobre as 14:00 horas e ao chegar ao lugar dos feitos atoparon o corpo da muller xa sen vida.

- *9 de marzo*

Os corpos de **Mari Cruz** e a súa filla **Isabel**, de 10 anos, foron atopados sen vida xunto ao do marido e pai da nena, Fausto, no interior dunha vivenda da localidade madrileña del Molar que sufrira un incendio. A investigación estableceu que as mortes non se deberon ás chamas, senón que se produciron de forma violenta. A primeira hipótese foi que se trataba do asasinato da nai e a filla por parte do pai, que despois se suicidou.

- *2 de marzo*

**Mari Carmen** foi asasinada a puñaladas en Torrexón de Ardoz, en Madrid. Foi atopada con polo menos sete puñaladas e non se puido facer nada por salvar a súa vida. A súa exparella, un home de 48 anos, foi detido como presunto autor do crime.

- *14 de febreiro*

**M.A.P., de 52 anos**, foi asasinada o seu marido, J.A., na localidade madrileña de Majadahonda. Cando a Policía Local chegou ao domicilio, onde a muller se atopaba acompañada dunha das súas fillas, de 22 anos, a vítima estaba inconsciente e en parada cardiorrespiratoria tras recibir un disparo e, a

pesar das manobras de reanimación, non se puido salvar a súa vida. A muller non presentara denuncias por violencia de xénero, pero os veciños si lembran episodios de violencia tras os que ela mostraba feridas.

- *12 de febreiro*

**Conchi G.** tiña 56 anos e foi asasinada polo seu marido, José Luís, en Sestao, Bizkaia, tras o que o agresor se suicidou tirándose á ría do Nervión. Ao atopar o corpo do home, foron notificar o falecemento á familia e atoparon o cadáver da muller con evidentes signos de violencia. A parella, con dous fillos e unha neta, residía desde facía décadas na mesma vivenda.

- *17 de xaneiro*

**Flora, de 82 anos,** foi asasinada polo seu marido, Paco C.G., de 84, no barrio madrileño de Vallecas. A muller tiña graves problemas de mobilidade e levaba anos sen pisar a rúa. Por este motivo, os veciños opinan que non foi un caso de violencia de xénero, senón un asasinato pactado por piedade. O marido tratouse de suicidar tras matar a súa muller, pero non o conseguiu e os servizos de emerxencias trasladárono ao hospital en estado grave.